

ANUNCIO

Aparición de reses mostrengas (sen dono)

Segundo os datos que constan neste concello -informe da Policía Local, de data 06/06/2014- existen dous exemplares de gando vacún, sen identificar, no lugar da Igrexa, parroquia do Freixo, das seguintes características:

-Vaca, cruzada, con capa cutánea clara, dunha idade aproximada de 2-3 anos

-Becerra, filla da anterior, con capa similar

A depositaria das reses é dona María del Carmen Varela Varela.

O artigo 86.4 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (LMG), atribúelles aos concellos a xestión e administración dos animais mostrengos.

Aquela persoa, física ou xurídica, que sexa propietaria das ditas reses poderá comparecer reclamándoas, logo de acreditar que lle pertencen, no prazo de OITO DÍAS, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP), publicándose igualmente no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nos lugares de costume, e na páxina web municipal. A administración municipal fará entrega das reses despois de que o propietario aboe os gastos e danos eventualmente ocasionados.

No caso de non comparecer o propietario no expresado prazo, a administración municipal procederá ao seu sacrificio e destrución, como regulamentariamente se acha establecido.

As Pontes de García Rodríguez, 9 de xuño de 2014



Valentín González Formoso